



GUÍA DOCENTE DE RITMO E LECTURA (I – II)

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: RITMO E LECTURA (I – II)										
ESPECIALIDADE	Interpretación								ITINERARIO	Jazz
CARÁCTER	Obrigatoria								TIPO DE CLASE	Colectiva
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Procedementos
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 hora
ECTS/CUAD.	1,5	1,5							Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Da partitura ao son: altura, métrica, rítmica, dinámica e agóxica. Lectura rítmica precisa, fluída e comprensiva, con e sen alturas determinadas, a unha ou varias voces, con e sen instrumento. Polirritmia. Estudo teórico - práctico dos aspectos métricos e rítmicos característicos na música do século XX. Novas grañas. Traballo da lectura a 1ª vista. Práctica da escritura musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Se lle pedirá que teña asumidos internamente os contidos e os distintos elementos que interveñen na linguaxe musical a nivel de Grao Profesional ou da súa experiencia práctica profesional se non cursou eses estudos.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Os coñecementos rítmicos son de vital importancia na disciplina interpretativa, está especialmente relacionada coas materias nas que a lectura e o ritmo teñan un papel importante como son o seu instrumento, piano aplicado, conxunto e orquestra.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T8, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X8, X10, X13
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI5, EI7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de Outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver unha lectura rítmica fluída a primeira vista individual e en grupo.	T1, T2, T3, X1, X2, X3, X13, EI5, EI7
Sentir o pulso interno de forma física e non como mero cálculo de proporcións.	T1, T2, T3, X1, X2, X3, X13, EI5, EI7
Aprecia a importancia da lectura interior, lectura a primeira vista e da memorización.	T1, T2, T3, X1, X2, X3, X13, EI5, EI7
Aprecia a importancia da dinámica, agóxica e a articulación, ó percibir debuxos rítmicos.	T1, T2, T3, X1, X2, X3, X13, EI5, EI7
Aprecia a importancia do análise asociado a lectura.	T1, T2, T3, X1, X2, X3, X13, EI5, EI7
Coñecer practicamente as novidades rítmicas e métricas do século XX, especialmente no Jazz.	T1, T2, T3, X1, X2, X3,



	X13, EI5, EI7
Interpretar adecuadamente grupos especiais, compases non convencionais, valores engadidos, música sen compasear e polirritmia.	T1, T2, T3, X1, X2, X3, X13, EI5, EI7
Recoñecer o significado de novas grafías.	T1, T2, T3, X1, X2, X3, X13, EI5, EI7
Traballar de forma autónoma e con sentido crítico sobre os materiais traballados na clase.	T1, T2, T3, T8, T13, T15, X1, X2, X3, X8, X10, X13, EI5, EI7

4. CONTIDOS

Lectura rítmica fluída individual e en grupo.

Definicións e principios: pulso, compás, ritmo, acento, énfase rítmico.

Novidades rítmicas e métricas do século XX, especialmente no Jazz.

Grupos especiais.

Compases non convencionais.

Valores engadidos. Música sen compasear.

Polirritmia.

Novas grafías.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases	Presenciais	Permanente durante o cuadrimestre
Estudo individual	Non presenciais	Permanente durante o cuadrimestre
Actividades de avaliación: probas e revisión de probas	Presenciais	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A avaliación é contínua e o alumno disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, ordinaria e extraordinaria.

Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.